



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

OFICIALÍA MAIOR

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA TEMPORALMENTE A
PERIODICIDADE DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA**

(Resolución de Presidencia núm. 10029 do 16-03-2020)

D. Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Considerando as medidas adoptadas en relación co traballo do persoal ao servizo desta Deputación, que determinan que o traballo de edición e publicación do Boletín Oficial da Provincia (BOP) é unha función esencial, e considerando asimismo que é unha medida responsable minimizar os riscos de contaxio para os traballadores, e polo tanto os traballadores adscritos ao BOP prestarán o servizo polo sistema de teletraballo.

Ao abeiro do artigo 6 da Ordenanza Reguladora do Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A fin de garantir a elaboración do Boletín,

RESOLVO:

Alterar a periodicidade da publicación do Boletín Oficial da Provincia da Coruña que pasará a publicarse dúas veces por semana os martes e venres, agás festivos (nacionais, autonómicos da Comunidade de Galicia e locais do municipio da Coruña) en cuxo caso se adiantará ao día hábil anterior.

Esta resolución terá vixencia mentras manteña a vixencia o estado de alarma decretado mediante o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.